

RESOLUCIÓN da Comisión de Delegados de Ensino das Dioceses galegas

Con data 29 de xuño de 2026 publícase a resolución de persoas admitidas e excluídas na proba académica para a preselección de candidatos a profesorado de Relixión Católica en Educación Infantil e Educación Primaria.

1. **Persoas admitidas:** todas aquelas persoas que achegaron a documentación requirida foron admitidos no proceso. Comunicase a admisión por medio do email facilitado no formulario
2. **Persoas excluídas:** son excluídas temporalmente do proceso as persoas que non subiron a documentación requirida ou algún documento está caducado. Comunicarase a exclusión e as causas por medio do email facilitado no formulario.
 - Ábrese un prazo de subsanación de erros para que aquelas persoas que deben achegar documentación poidan facelo. O prazo comeza o 30 de xuño de 2026 e remata o 3 de xullo de 2026 ás 23:59 horas.
 - Unha vez pechado o prazo de achega de documentación, non se admitirá ningunha solicitude máis.
 - A maneira de achega de documentación será enviando a documentación requirida ao enderezo contacto@missiogalicia.com, tendo en conta o seguinte:

2.1. **Falla de DNI, Título Universitario ou Xustificante de Pago de Taxas:** haberá que escribir un email a contacto@missiogalicia.com achegando a documentación requirida, escaneada por ambas caras no caso dos DNI e do Título.

2.2. **Falla de DECA:**

- Se o/a aspirante ten en posesión o título DECA, debe achegalo nun correo electrónico.
- Se o/a aspirante rematou os estudos conducentes á obtención da DECA e solicitou o Título DECA á Conferencia Episcopal Española pero esta non chegou, deberá achegar o xustificante de ingreso bancario das taxas de expedición do Título DECA.

*** O certificado de Estudos conducentes á DECA non equivale ao Título DECA.**

*** Non se expedirá ningunha Missio Canónica se a persoa aspirante non ten o devandito Título.**

2.3. **Falla de Partida de Bautismo:**

- As partidas de Bautismo teñen unha caducidade de 6 meses. Se a partida aportada é anterior a esa data, a partida considerouse inválida.
- No caso de saír excluído/a por falla de Partida de Bautismo, compre ver a data da mesma e subsanar o erro solicitando unha nova.

2.4. **Falla de Certificado de Delitos Sexuais:**

- O Certificado de Delitos Sexuais debe ser do ano en curso. No caso de que a falla sexa debida a este particular, deberase solicitar outra.

